INFORME

Selección do persoal voluntario da Festa do Marisco 2015

Antecedentes.

A selección de voluntarios na Festa do Marisco realízase conforme ao establecido no "Regulamento para a xestión e celebración da Festa do Marisco" aprobado polo Pleno do Concello do Grove o 29 de abril de 2004 (Publicado no BOP do 23 de maio de 2006). No artigo 18 do referido regulamento alúdese ó "Persoal colaborador" do Festa marcando tres categorías diferenciadas:

a) *Persoal propio da Corporación, que atenderá preferentemente os actos e actividades que impliquen exercicio de autoridade ou de responsabilidade principal na custodia e manexo de caudais públicos. Este persoal poderá percibir gratificacións con cargo ao orzamento da Festa polos traballos que realice fora da xornada habitual.*

b) *Persoal contratado eventual por tempo determinado para a realización de cometidos específicos da festa. Estarán vinculados á Corporación por unha relación de carácter laboral. As retribucións asignadas que se acorden na Xunta de Goberno e as cotizacións á Seguridade Social satisfaranse integramente con cargo ao orzamento de gastos da Festa. Para a súa contratación no será preciso que figuren no cadro de persoal eventual da Corporación.*

c) *Persoal voluntario non pertencente á Corporación e que desexe participar na realización dos actos ou actividades da Festa. As súas funcións serán preferentemente traballos de colaboración que non impliquen exercicio de autoridade nin de responsabilidade principal na custodia ou manexo de caudais públicos.*

   Para este persoal, que non terá relación laboral ningunha coa Corporación, subscribirase con cargo ao orzamento da festa unha póliza de accidentes persoais e outra de responsabilidade civil. Non percibirán salario nin outra retribución, agás as indemnizacións que para desprazamento, manutención ou aloxamento aprobe a Xunta de Goberno para sufragarlles os gastos que lles ocasiones a súa dedicación.

No relativo á **categoría b)** debe terse en conta a aplicación da conxelación da oferta de emprego público do Real Decreto-Ley 20/2011 a contratación do persoal laboral temporal, que no seu apartado 3 indica que *non se procederá a contratación de persoal temporal nin ó nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán ós sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ó funcionamento dos servizos públicos esenciais*. Os desenvolvementos normativos posteriores redundan nesta circunstancia dificultando a posible aplicación dunha contratación de persoal eventual para fins relacionados con cuestións tan específicas como a Festa do Marisco.

En canto ó persoal voluntario recollido na**categoría c)**, esta figura definiríase como aquela persoa que presta servizos para organizacións específicas, segundo regula a Lei 6/1996, do 15 de xaneiro. Na exposición de motivos da cita Lei indícanse as características específicas desta categoría indicando os elementos diferenciadores con respecto a unha relación laboral. Así establécese que o carácter altruísta e solidario, a liberdade – que non traia causa dunha obrigación o seu deber de voluntario – gratuidade, – sen que exista contraprestación económica de ningún tipo e finalmente que se realice a través dunha organización pública ou privada. No relativo á "gratuidade" o artigo 8, apartado 2c, do Título III indica que a organización ten a obriga de *cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ós voluntarios dos medios adecuados para cumprir dos seus cometidos.*

A fórmula dos voluntarios leva dende o ano 2004 para dar resposta ás necesidades da Festa. Dito sistema supón que o persoal participa como colaborador e non percibe unha remuneración en salario senón en dietas para cubrir os seus gastos de desprazamento, manutención...

Proceso de selección dos voluntarios.

No relativo ó ano 2015, e tendo en conta o expresado polos veciños e veciñas nas distintas reunións mantidas entre o mes de maio e xuño estableceuse unha corrección no sistema de selección de voluntarios. Deste xeito estableceuse como criterio fundamental atoparse en situación de desemprego ou, en segundo nivel, ser estudante.

Con esa máxima anunciouse a apertura do prazo de solicitude de participación. O prazo estivo aberto dende o 2 ó 11 de setembro e os interesados podían presentar un formulario (ver anexo) por rexistro nas dependencias municipais. Tal e como se indicaba en dita solicitude, o impreso debería ir acompañado da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia de tarxeta de demandante de emprego ou de contrato con finalización antes do 30/09/15.
- Fotocopia do carné de manipulador (cando corresponda).
- Fotocopia do matrícula de estudos (cando corresponda).

Ademais diso, no propio formulario os solicitantes debían aportar información sobre a súa formación e experiencia laboral anterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación, procedeuse a revisar as solicitudes por parte dos servizos administrativos do Concello co seguinte resultado:

Solicitudes presentadas: 147

Solicitudes excluídas: 1

Solicitudes admitidas: 146

A solicitude excluída pertencía a unha persoa menor de 16 anos. As restantes solicitudes cumprían co requisito de partida de tratarse de persoas en situación de desemprego no momento actual ou a partires do 30 de setembro de 2015 ou ser estudante.

Dun xeito máis concreto aportamos detalles sobre a solicitudes presentadas, segundo orde de presentación no rexistro (Anexo 2). Os datos da situación laboral consignada polo solicitantes é a seguinte:

En situación de desemprego: 110 persoas

Contrato con finalización antes do 30 de setembro: 18 persoas

Estudantes: 17 persoas.

Outros: 1 persoa

Na primeira revisión da documentación detectáronse dúas incidencias concretas:

1. Solicitudes de persoas de fora do Grove.

2. Solicitudes de varios membros da mesma familia.

Vista a referida problemática o grupo de goberno, en reunión de traballo realiza as seguintes consideracións no relativo á selección dos voluntarios:

a) Seleccionar exclusivamente a **veciños e veciñas do Grove**.
b) Tentar distribuír as prazas para permitir que **o maior número de familias** se beneficien da axuda que poida supoñer esta participación.
c) Ante os datos xerais, priorizar ós **desempregados fronte os estudantes**.

As consideracións realizadas no referido ó apartado a) supoñen desestimar as solicitudes 32, 7, 54, 67, 73, 76, 104 e 107.

Tendo en conta esas consideracións, e atendendo ás necesidades da festa, establécense catro áreas de traballo fundamentais nas que é precisa e fundamental a colaboración do voluntariado:

ÁREA 1. VENDA E SERVIZO

Inclúe os traballos en cociña, no servizo de empanadas, postres, pan e viño e refrescos.

ÁREA 2. CAIXAS

Referida ás caixas de venda de tickets, a atención da tenda e axestión do almacén para control do produto.

ÁREA 3. MANTEMENTO

Colaboración na montaxe dos stands, e traballo de limpeza.

ÁREA 4. TURISMO

Atención ó público e información nas distintas carpas.

Para a mellor selección do persoal realizáronse consultas ós responsables de organizar ó referido persoal durante os días da Festa. Deste xeito solicitouse a opinión de:

ÁREA 1. Responsable de cociña (persoal externo ó Concello)

ÁREA 2. Responsable de caixas (persoal funcionario do Concello)

ÁREA 3. Responsable de mantemento (persoal funcionario do Concello)

ÁREA 4. Responsables de turismo (persoal laboral do Concello)

Cada un deles aportou criterios específicos sobre o tipo de perfil do persoal preciso:

ÁREA 1. Indícase que ante a premura de tempo e a imposibilidade de realizar unha formación específica, é necesario contar con xente con experiencia en anteriores Festas do Marisco. Dun xeito máis concreto se incide na continuidade do equipo (dentro das condicións esixidas) para garantir o servizo preciso.

ÁREA 2. Indícase que o tipo de traballo que se debe desenvolver require de persoal con formación, sinalando que se deberían valorar os coñecementos específicos en administración/vendas e en informática.

ÁREA 3.Sinálase a importancia de contar con persoal con experiencia no referido á montaxe, sen que existan requisitos específicos no relativo á limpeza agás a capacidade de traballo en equipo ó tratarse grupo máis grande de persoas.

ÁREA 4. Considérase preciso coñecementos de turismo e algunha experiencia en atención ó público.

Tamén se realizaron consultas ós Servizos Sociais do Concello do Grove, quen remiten indicacións relativas á necesidade de permitir a participación de persoas con necesidades urxentes ou con necesidades de integración. Isto supón o acceso directo das solicitudes: [redacted]

Estas indicacións permitiron agrupar as solicitudes nos correspondentes catro bloques. Tal e como se recolle no ANEXO 3. Sobre esas mesmas solicitudes realizouse unha selección final na que primaron os seguintes elementos segundo as indicacións recollidas nos parágrafos anteriores do informe:

ÁREA 1. Persoal con experiencia en Festas anteriores

ÁREA 2. Persoal desempregado con preparación específica ou formación superior.

ÁREA 3. Persoal desempregado con experiencia en limpeza, con cargas, sen prestación.

ÁREA 4. Persoal desempregado con experiencia en turismo.

O resultado final da selección está marcado en gris no ANEXO 3.

[Páxina retirada por conter datos persoais]

[Páxina retirada por conter datos persoais]

[Páxina retirada por conter datos persoais]

[Páxina retirada por conter datos persoais]

[Páxina retirada por conter datos persoais]

[Páxina retirada por conter datos persoais]